

MELODÍA GALLEGA

I
Ten a serena o canto,
i a serpe o alento;
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes dabondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a gloria do poeta,
o ouro do mundo:
dera eso todo
por solo unha mirada
deses teus ollos.

Buscan os pitorreises
pra faguer niño,
a herba santa que nace
beira dos ríos.
Eu busco solo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estreliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

CORO

Os teus ollos

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Texto de Manuel Curros Enríquez, música de Xosé Castro González Chané

Arranxo de Juan Durán (2014) para o Consello da Cultura Galega

Andante sostenuto



Ten a se - re - na.o can-to, i.a ser-pe.o.a - len-to; o la-go ten a
Can-do se pon a lú - a tras os pe - ne-dos, cho-ran as es-tre-



on-da, Dios ten o,in - fer - no. Ti tes da - bon - do, tí tes da - bon - do
lí - ñas to - das do ce - o. Ta - mén eu cho - ro Ta - mén eu cho - ro



co que tes es - con - di - do ne - ses teus o - llos. Ti tes da - bon - do,
can-do non me.a-lu - me - an e - eses teus o - llos. Ta - mén eu cho - ro



tí tes da - bon - do co que tes es - con - di - do ne - ses teus o - llos.
Ta - mén eu cho - ro can-do non me.a-lu - me - an e - eses teus o - llos.



XOSÉ CASTRO GONZÁLEZ CHANÉ

Xosé Castro, coñecido polo alcume de Chané, foi un dos máis importantes músicos galegos. Naceu en Santiago de Compostela o 18 de xaneiro de 1856. Virtuoso da guitarra e da cítara, compositor e catedrático de Belas Artes na Coruña, foi director do Orfeón Coruñés e máis tarde da coral El Eco. Con esta coral obtivo galardóns en Pontevedra (1880), Madrid (1887), OS COMPOSITORES Barcelona (1888) e Santander. Foi premiado tamén en París, onde o grupo que dirixía foi galardoado no festival do Teatro Trocadero, en 1889. Malia o seu recoñecido prestixio, a cátedra que rexentaba na Coruña foi suprimida, razón que levou a Chané a emigrar. Deste xeito, chega a Cuba en 1893, cando tiña 37 anos. Na Habana foi profesor de música do Centro Gallego e dirixiu o orfeón Ecos de Galicia, co que acadou grandes éxitos. Na capital cubana Chané tivo unha estreita relación co poeta Curros Enríquez, de quen musicou varios poemas, entre eles o famoso «Unha noite na eira do trigo». Partícipe en distintas entidades galegas como a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia ou a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, recibiu o cargo de académico correspondente da Real Academia Galega. En agosto de 1907, logo de moitos anos de ausencia, regresou á Coruña. A intelectualidade galega –entre eles distintos directivos de orfeóns– obsequiouno cun gran banquete de recoñecemento dos seus méritos artísticos. Chané viviu os seus derradeiros anos na Habana, onde seguiu ata os últimos días a escribir música, e nos seus momentos de lecer executaba os distintos instrumentos de corda. A súa derradeira obra de composición foi A lúa de Cangas, estreada polo Orfeón Ecos de Galicia nunha velada en honra ao poeta viveirense Pastor Díaz. Castro Chanémorreu na Habana o 27 de xaneiro de 1917. Os seus restos foron trasladados á Coruña, a onde chegaron o 4 de marzo e foron inhumados no cemiterio coruñés.

Fonte: Álbum da emigración, Consello da Cultura Galega